



Cando chove e non orballa,  
as rapazas de Xián  
son do color da borralla.

Cando chove non fai vento,  
as rapazas de Xián  
son do color do formento.

As rapazas de Xián,  
todas ten as pernas tortas  
... ancarellas  
tranca-las portas.

O río cando vai cheo...

Yo me divierto cantando,  
pero las malditas linguas  
s' advierten marmurando.

Ai la...

Nuestra señora da Barca  
ten vintasinco escaleiras  
para subir e baixar  
tódalas nenas solteiras.

Veño d' abala-la pedra  
e abalei-na piquiniña,  
i-a ghand' abalaba i-ela.

Na barca para Muxía,  
como m'eu despedirei  
desta ghrande romaría.

Ai la la...

Cando eu era chalán  
compraba vacas moi boas,  
Jodinche túas irmáns  
e salíronme malroas.

Carallo, qué burro eras,  
qu' asta joder non sabías  
eu cando jodín as túas  
de cada vez dúas crías.



A regheifa está na mesa,  
no medio ten un botón,  
agora que vai casar  
Consuela con Ramón.

Unha palabra che dei,  
outra teño de comprir  
qu' o día do meu enterro  
non hei de falar nin rir.

322b

Hox'aquí mañán na feira  
para íremos pasando  
unha vida pasaxeira.

449

Se queres ter vida aleghre  
casate cun zarralleiro  
tramp'aquí tramp'acólá  
nunca che falta diñeiro.